



A APDR APOIA A "ANDAINA POLO CLIMA"

Desde a Asociación Pola Defensa da Ría queremos amosar o noso apoio á incitiava que terá lugar este sábado pola conmemoración do Día da Terra, e que foi convocada por tódolos colectivos ecoloxistas integrados na FEG.

Baixo o lema: "Andaina polo clima. O clima non está á venda" organízase este sábado día 24 de abril, unha camiñada que partirá da central térmica de Meirama con chegada na incineradora de Sogama en Cerceda.

Este paseo simbólico quere expresar a nosa indignación e o noso rexitamento a esta política de falsas solucións contra a crise climática. Esiximos ademais o peche das centrais térmicas de carbón e a creación dun Plano Enerxético que faga decrecer o consumo de enerxía e procure canto antes un abastecemento pleno en fontes renovábeis.

Aproveitamos tamén para reclamar unha nova política de xestión de residuos que priorice a redución e cree unha rede de plantas de reciclaxe e compostaxe.

Animamos a todas as persoas a participar nesta andaina polo clima que comezará o sábado ás 17 horas en Meirama.

Saúdos cordiais

María Peón

Secretaria da APDR